

MEMORIA

PROXECTO DE TRABAJO: EN MARZO PINTAMOS CON MIRÓ

EEI DE VIDE

Curso 2013/2014

Índice:

- 1. Introducción.**
 - 1.1 Contextualización.**
 - 1.2 Xustificación.**
 - 1.3 Calendario e organización.**
 - 1.4 Alumnado/Profesorado.**
 - 1.5 Referencia aos contidos curriculares e competencias básicas.**
- 2. Descripción do proceso e relación de tarefas desenvolvidas polo alumnado.**
 - 2.1 Inicio.**
 - 2.1.1 Elección do tema.**
 - 2.1.2 Reunión informativa coas familias.**
 - 2.1.3 Que sabemos de Miró?**
 - 2.1.4 Que queremos saber?**
 - 2.1.5 Onde buscamos información?**
 - 2.2 Planificación do traballo.**
 - 2.2.1 Como se van desenvolver as sesións de traballo?**
 - 2.3 Actividades.**
- 3. Recursos.**
 - 3.1 Elaborados.**
 - 3.2 Da biblioteca.**
 - 3.3 Cartaces.**
- 4. Implicación da comunidade educativa.**
- 5. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.**
- 6. Avaliación.**
 - 6.1 Avaliación do proceso.**
 - 6.2 Avaliación final.**
 - 6.3 Valoración de resultados.**
- 7. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.**
- 8. Anexo**
 - 8.1 Url recursos elaborados.**
 - 8.2 Url materiais producidos.**

Proxecto de traballo: EN MARZO PINTAMOS CON MIRÓ.

EEl de Vide.

1. INTRODUCCIÓN:

1.1 Contextualización

A EEl de Vide é unha Escola Unitaria, non integrada nun CRA, cunha soa mestra, que acolle ao alumnado de educación infantil dunha parroquia rural, Vide, no Concello fronteirizo de As Neves, cunha poboación moi dispersa cercana os 450 habitantes, envellecida, cun baixo nivel de desenvolvemento socioeconómico e déficit de infraestruturas. As propias características dunha Escola Unitaria permiten unha ampla participación das familias e da comunidade na escola, e desta no contorno, cunha función de dinamización sociocultural. Por outra parte, internamente, fai posible unha organización aberta con horarios flexibles cun alumnado que tende a colaborar entre si, pois se coñecen e xogan xuntos, dentro e fora da escola.

O EEl de Vide está integrado no programa PLAMBE dende o curso 2006/2007.

1.2 Xustificación

Dentro da programación xeral anual, recóllese a programación **“EN MARZO PINTAMOS”** que se desenvolverá como proxecto de traballo relacionado cun pintor ou pintora significativo. Así ven acontecendo dende hai varios cursos. Esta vez o pintor escollido foi Miró, e a actividade final a realizar, ademais da edición dun libro de “Editorial Unitariadevide”, unha “Conferencia sobre Miró” para as familias.

1.3 Calendario e organización:

O proxecto levouse adiante entre o 6 de Marzo e o 6 de Abril de 2014- entre as vacacións de Entroido e o comezo das de Semana Santa- : cinco semanas e 20 sesións de traballo, catro días á semana , en horario flexible antes do recreo. A edición do Libro de Miró pospúxose para ser integrado dentro do proxecto de traballo “Abril dos Libros”.

1.4 Alumnado/Profesorado.

Alumnado da Unitaria: 10 nenos e nenas de 5º e 6º de Educación Infantil. Mestra: a mestra responsable da Unitaria e coordinadora da biblioteca escolar.

1.5 Referencia aos contidos curriculares e competencias básicas:

Obxectivos Xerais:

- **Xenerar coñecementos e competencias diversas de xeito integrado mediante o traballo por proxectos.**
- **Contribuir a paliar as diferencias socioculturais.**
- **Integrar a biblioteca e os seus recursos na actividade cotiá.**

Obxectivos, contidos e criterios de avaliación. (Programación inicial)

Areas	Obxectivos	Contidos	Avaliación
Coñecemento de si mesmo e autonomía personal	Tomar a iniciativa, planificar a propia acción colaborando cos compañeiros e compañeiras.	Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas, buscando os recursos necesarios e colaborando cos demais.	Resolver con iniciativa e autonomía as actividades cotiás, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
Coñecemento do contorno	Observar e explorar en forma activa o seu contorno, xerando interpretacións e amosando interés polo seu coñecemento. Iniciarse na formulación de hipótesis. Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave lóxica.	Utilización da acción de contar para obter datos numéricos e verificar resultado. Clasificación de obxectos e materiais e cuantificación de coleccións. Proposición e resolución de situacións problemáticas da vida cotiá. Establecemento de relacións de orientación espacial .	Explorar os elementos do contorno e actuar sobre eles. Propoñer e resolver problemas sinxelos cotiás. Empregar os números para contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade. Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos e relacións espaciais sinxelas.
Linguaxes: comunicación e representación	Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, expresión de ideas, sentimentos e aprendizaxe. Achegarse á lingua escrita a través de distintos textos. Achegarse ao coñecemento de obras artísticas Facer uso da biblioteca. Achegarse ao coñecemento e emprego das TICS.	Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos e contextos. Incrementar o vocabulario. Iniciación ao uso da lingua escrita en situacións contextuais e reais. Utilización da biblioteca como espacio de recursos e coñecemento. Descubremento de algúns elementos que conforman a linguaxe plástica. Interpretación, valoración e planificación do proceso de elaboración de algunha obra plástica. Achegamento á linguaxe audiovisual e coñecemento de algunhas posibilidades de utilización.	Utilizar a lingua oral de xeito conveniente para unha comunicación positiva, segundo as intencións comunicativas. Producir diferentes textos, individuais ou en grupo, con propósitos ou intencións diferentes. Utilizar a biblioteca. Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas de diferentes linguaxes.

Competencias que contribúe a desenvolver no alumnado:

Competencias	Items avaliación
Competencia lingüística	Expresar as súas opinións, tomar decisións individual e colectivamente, escoitar ás dos compañeiros con respecto aprendendo a intervir e contrastar opinións e saberes. Escoitar e/ou falar/le/ distintos idiomas e en distintos contextos. Coñecer novas palabras, o seu significado e pronunciación correcta , ampliando o vocabulario. Seguir o desenrolo do seu proceso de iniciación na composición de textos sinxelos e lectoescritura de palabras e frases/texto. Memorizar frases, cantigas, títulos de obras.... Expor os seus saberes diante dos compañeir@s e das familias.
Competencia matemática	A través da obra pictórica e escultórica de Miró e da súa biografía: contar, numerar, medir, comparar, situar elementos no espacio e no tempo, comparar con outras situacións , identificar formas xeométricas, puntos líneas., resolver sinxelos problemas con operacións de suma,
Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico	Buscar e discriminar formas e relacións entre estas. Iniciarse no método científico: observar, reflexionar, sacar conclusións, propoñer solucións, experimentar coas cores e as formas, coa voz...
Competencia digital e informacional	Facer uso dos recursos tecnolóxicos e documentais que a biblioteca lles ofrec: libros, música... Buscar, seleccionar e rexistrar a información, ao seu nivel. Facer uso dos recursos tecnolóxicos á súa disposición: ordenadores, pizarra dixital, escaner, fotocopiadora...
Competencia social e cidadá	Colaborar entre eles na resolución de problemas, tomando decisións, desenvolvendo habilidades para comunicarse en diferentes contextos.
Competencia cultural e artística	Coñecer e valorar a obra de Miró. Disfrutar e ser sensibles diante do feito estético. Empregar recursos para realizar producións propias, poñendo en funcionamento a iniciativa, imaxinación e creatividade.
Competencia para aprender a aprender	Planificar o traballo, colaborar cos compañeiros, tomar decisións sobre si mesmo e as súas posibilidades . Disfrutar aprendendo.
Autonomía e iniciativa personal	Tomar decisións propias, afrontando problemas e buscando solucións. Decidir sobre os ritmos propios e tempos,

Metodoloxía: Traballo por proxectos.

INICIO	- Elección do tema. - Ideas previas. - Reunión informativa coas familias. - Que queremos saber? - Onde buscamos información?
PLANIFICACIÓN DO TRABALLO	- Recordamos que queremos conseguir. - ¿Qué temos ?- selección das fontes de información en función da súa accesibilidade e interés amosado polo alumnado, incluíndo o material elaborado pola mestra. - Como o imos facer? - Como nos organizamos? Dirixidos pola mestra que informa das posibilidades discútese/decide: ▪ Duración do proxecto. ▪ Organización das sesións de traballo.
DESARROLLO DAS ACTIVIDADES	- En xeral decídese colectivamente, e realízanse de xeito individual, pequeno grupo ou no gran grupo.
AVALIACIÓN	- Contínua ao longo de todo o proceso. - Actualización desde a programación previa. - Indicadores de logro: “Somos competentes para...” - Avaliación do proceso.

2. DESCRIPCIÓN DO PROCESO E RELACIÓN DE TAREFAS DESARROLADAS POLO ALUMNADO.

2.1 INICIO:

- 2.1.1 Elección do tema:

Logo de visionar a presentación “Pintores e Pintoras” , discútese e decídese o tema: Miró e o produto final: dar unha “conferencia” ás familias sobre o pintor MIRÓ e elaborar o libro Miró de Editorial Unitariadevide.

- 2.1.2 Reunión informativa coas familias:

Infórmase ás familias do novo proxecto de traballo. Para a meirande parte é un pintor case descoñecido pero se amosan moi dispostas a colaborar e facer cos seus fillos o seguimento do proxecto a través do blog e diariamente na escola. Decídese a elaboración de un Boletín da Biblioteca con información sobre Miró para as familias.

- 2.1.3 Que sabemos de Miró?

Os coñecementos previos do alumnado eran moi escasos e só de tipo xeral relacionados coa actividade que se lle supoñía, pintor:
“Pintaba raro, era amigo de Paul Klee?, gustáballe pintar, era de Francia?....”

2.1.4 Qué queremos saber?:

- De onde era, onde vivía.
- Onde naceu, cando naceu, xa morreu....
- Que lle gustaba pintar, onde pintaba.
- Como falaba, que amigos tiña.
- Que cousas pintaba, que cadros pintou.

No desenvolvemento do proxecto aparecen novas preguntas e intereses que se van incorporando no cartaz:

- Como se fan as cores.
- Como eran de grandes os cadros.
- Co cadro "A Masía" : onde estaba, como fixo, os avós... por que foi a París, onde vivía, tiña amigos, era famoso...
- Coa escultura "Dona i ocell": como a fixo, onde a puxo, como é de grande, fixo outras, onde están...
- A onde viaxou Miró, como o facía...

2.1.5 Onde buscamos información? Na Biblioteca, internet, preguntando...

Primeiro consúltase o OPAC Meiga para saber que temos na Biblioteca sobre Miró e onde buscalo, logo na biblioteca escollen os libros e pídenos prestados para traer a clase, faise a exposición, repasan as páxinas, miran as imaxes, comentan....

En internet -colectivamente na pizarra dixital- aprenden a manexar os enlaces do [SYMBALOO](#) e comezan a escoller entre os recursos que máis lles agradan.

2.2 PLANIFICACIÓN DO TRABALLO:

2.2.1 Como se van desenvolver as sesións de traballo?

- o Inicio: Rolda das tarefas:
 - Que fixemos onte- que sabemos-
 - Que tarefas imos facer hoxe- que queremos saber- Recollemos o decidido no **cartaz das tarefas**.
- o Presentación das actividades.
- o Realización das actividades: buscamos, escribimos, lemos, symbaloo....- individual /pequeno grupo. Xogamos, pintamos, paneis..- grupo grande.
- o Recapitulación
 - Que fixemos hoxe?- intervencións individuais- como foi, que sei, que teño que facer aínda, problemas, conclusións: **Cartaz Diario**
- o Remate da sesión: Xogo colectivo na PDI/cantigas/lectura sobre dun dos contos/visionado de vídeo.

2.3. ACTIVIDADES: [Cadernos de Vide](#).

- **Escribimos** o que sabemos - *folia para o libro e biografía*- actividade individual/parella, na que deciden os seus tempos e van elaborando progresivamente.
- **O noso Museo de Miró.**
- **As cores primarias e secundarias.**

- **Panel colectivo:** Cadro “Personaxe e can diante do sol”
- **Autorretratos.**
- **Pintamos como Miró:**
Escóllense as obras que se van traballar: *“Personaxe diante do sol”, “A bailarina”, “O ouro do azur”,* e falamos do “como”:
 - Describir elementos, contar, situar no espacio, cores, figuras, posicións, personaxes...
 - Significado: O noso título, o título de Miró, interpretamos....
 - Materiais pintores.
 - Exposición colectiva e presentación individual.
- **Escultores:** “Dona i ocell”. Plastilina e barro.
- **Medimos:** Coa cinta métrica. Comparamos medidas.
- **Viaxando con Miró:** Medios de transporte, Barcelona, Mallorca, París, Xapón...
- **Conferencia:** Ordenamos o que sabemos. Decídense 10 frases, unha por neno, que recollen a vida e obra de Miró. Cada un escolle a súa. Presentación de diapositivas, memorización, ensaio, elaboración da “invitación”- *reunión previa coas familias, que colaborarán cos seus fillos/as*-.
A “conferencia” dase para as familias en horario escolar e repítese nunha actividade da biblioteca pola tarde para o exalumnado.
- **Fichas individuais** elaboradas e deseñadas para recapitular saberes.
- **Follas/Páxinas do libro** onde van “escribindo” o que van descubrindo.
- **O libro de Miró** en Editorialunitariadevide: cada alumno e alumna edita o seu libro, que recolle as follas/fichas/cadros realizadas .
- **Os cartaces de traballo:** O cartaz das tarefas, o Diario/cronograma, Que queremos saber, Que medimos, Que miden os cadros de Miró, Que sabemos.... Son os cartaces que en papel continuo, colocados nas paredes e corcheiras da aula, van enchéndose de contido conforme o traballo vai avanzando. Son referentes imprescindibles para o alumnado, familias e mestra.

3. RECURSOS

3.1 . Elaborados

Pola mestra da Unitaria para filtrar e organizar a información, facilitar o acceso do alumnado a esta e convertela en coñecementos.

- **Symbaloo Miró.** Plataforma na nube onde se almacenaron as páxinas web cos recursos sobre Miró para ser utilizados polo alumnado/familias /mestra: videos, presentacións, xogos, museos, actividades....
- **Video Presentación: “Pintores e Pintoras”** con cadros de diferentes pintores e pintoras para elixir o tema do proxecto.
- **Presentación : “Obras de Miró”** coa selección das obras de Miró , con información sobre o título e medida dos cadros escollidos.
- **Boletín informativo Miró,** dirixido ás familias.
- **Presentación/video “Que sabemos de Miró”** coa cantiga “As cores Primarias” interpretada polo alumnado.

3.2. Da Biblioteca A2 da Unitaria de Vide:

- Andel exposición: **CDU nº 7: PINTURA.**
- Hora de Ler: **Cesto de lectura: Pintura e Miró.**
- Blog da biblioteca: **Cadernos de Vide**, coas entradas de seguimento do proxecto e enlaces a recursos e información.
- Libros:
 - *“ Dessiner avec...Joan Miró”* Editorial Gallimard Jeneusse.
 - *“Miró para niños”* Editorial Susaeta.
 - *“Miró”* Ediciones Nauta.
 - *“ O cadro máis bonito do mundo”* Editorial Kalandraka.
 - *“Pequeña historia de Joan Miró”* Editorial Mediterránea.
 - *“Joan Miró”* Editorial Susaeta.

3.3 Cartaces.

- Que queremos saber.
- Tarefas.
- O noso Museo de Miró.
- Diario.
- Medimos.
- Que sabemos.
- Biografía.

4. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

A comunidade educativa- familia do alumnado- do EEI de Vide, no Proxecto Miró, puido achegar moi pouco material á escola, pero se implicou a fondo no proceso: acudindo ás xuntanzas informativas, aportando suxerencias e información sobre as dificultades/avances dos seus fillos e fillas, consultando e levando libros da biblioteca, manexando os recursos, seguindo o proceso de traballo a diario a través dos cartaces, exposicións e producións dos seus fillos, comentando e disfrutando con eles dos seus logros, axudándoos a preparar a conferenciaa... en definitiva: aprendendo a aprender ao mesmo tempo que eles.

5. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

A través do blog [“Cadernos de Vide”](#).

A través do [“Libro de Miró”](#), que cada alumno edita e leva para casa ao final do proxecto, onde recolle as súas producións individuais.

A través da [“Conferencia sobre Miró”](#)

6. AVALIACIÓN

5.1 Avaliación do proceso

Contínua a través das sesións de traballo, asembleas, cartaces, traballo do alumnado e conversas coas familias, o que permite que o proxecto se vaia actualizando e axeitándose aos novos coñecementos e intereses do alumnado e mantelo así vivo e cun alto grado de motivación.

5.2 Avaliación final:

Os criterios de avaliación da programación inicial, e a súa concreción en items de avaliación referidos ás competencias básicas, vanse reformulando ao longo do proceso e concréntase finalmente nos indicadores de logro :

Alumnado:

Fala na rolda expresando as súas opinións.			
Escoita aos demais respectando as quendas.			
Coñece novas palabras, e pronúnciaas correctamente.			
Le imaxes e asocia palabras			
Le palabras/ textos.			
Escribe palabras /textos relacionados coa vida e obra de Miró			
Relaciona obras co seu título.			
Expón en público o que sabe sobre Miró			
É capaz de recoñecer/falar distintos idiomas.			
Memoriza e canta a cantiga “Cores Primarias”			
Localiza no mapa: Barcelona, Mallorca e París.			
Coñece a utilidade da cinta métrica e utilízaa en situacións variadas.			
Identifica, compara e conta formas puntos e lineas situándoas no espacio.			
Resolve problemas sinxelos mediante sumas.			
Experimenta coa cores : primarias e secundarias.			
Reproduce unha escultura de Miró, en plastilina e en barro.			
Coñece diversas técnicas pictóricas e aplicaas nas súas producións.			
Pinta “como Miró” e valora a produción artística.			
Observa, reflexiona e saca conclusións.			
Colabora cos compañeiros e compañeiras para resolver problemas e realizar tarefas.			
Planifica o seu traballo e remata as tarefas.			
Sabe buscar información na Biblioteca e a función do OPAC Meiga.			
Utiliza o blog e a plataforma “Symbaloo” para acceder a información , xogos ou videos a través da pizarra dixital e dos ordenadores.			
Utiliza os recursos atopados para informarse e disfrutar.			
Sabe manexarse no “Obradoiro Editorial” para crear o seu libro sobre Miró.			

5.3 Valoración de resultados.

Hai que ter en conta que, deixando aparte o valor implícito da adquisición de coñecementos polo alumnado do tema obxecto do proxecto, neste caso Miró, o esforzo centrouse fundamentalmente no proceso de traballo seguido polo alumnado para adquirir eses coñecementos, e neste sentido o tema cáseque se converte nun pretexto. Por outra parte, ao ser o enfoque de traballo por proxectos unha actividade usual na Unitaria, o alumnado, ao comezar o desenvolvemento do traballo, aplicou de xeito natural o “guión” xa coñecido, ao igual que as súas familias, e neste caso “axudados” polo propio Miró, que incentivou de xeito extraordinario o desenvolvemento das actividades de pescuda e achegamento a súa obra- algúns alumnos e alumnas xa incorporaron na súa signatura elementos mironianos-, e a gran cantidade de recursos atopados na rede.

No coloquio/debate logo da conferencia ás familias, o alumnado, especialmente os de 5 anos, foron quen de explicar as súas familias, non só como prepararan a conferencia, senón tamén como chegaron a saber o que sabían sobre Miró e a súa obra e onde atoparan a información.

As familias, pola súa parte, manifestaron a súa satisfacción por “saber tanto como os seus fillos” sobre Miró, e saber ademáis como coñecer máis deste pintor.

Por todo isto, o grado de satisfacción no tocante aos obxectivos propostos, foi moi elevado.

No tocante aos recursos producidos, destacar a plataforma symboloo, foi de novo unha axuda inestimable, para organizar e centralizar os enlaces non só á información senón a todo tipo de recursos, cun xeito moi doado de utilización e acceso por parte do alumnado.

7. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

A biblioteca é o recursos fundamental cando iniciamos un proxecto de traballo, neste caso Miró. Esta vez contábase con fondos suficientes e só foi necesario adquirir un libro novo: “A pequena historia de Miró”.

Os libros de Miró pasaron ao aula e utilizáronse continuamente durante todo o mes, incorporándose en outras actividades como a “Hora de ler” ou a “Hora do conto”.

Un destes libros: “Dessiner avec... Joan Miró”, foi o motivo fundamental da elección deste pintor para o proxecto e foi tomado como referencia polo alumnado para “pintar como Miró”

Ao mesmo tempo na biblioteca preparouse a exposición “En marzo pintando: CDU nº 7”, e foron estes os libros máis utilizados para levar prestados.

Á pregunta de “onde buscamos información?” o alumnado sempre dá unha primeira resposta:

- Na biblioteca e en internet.

8. ANEXO .

8.1 URL RECURSOS ELABORADOS .

1. **Presentación: Pintores e pintoras:**
http://animoto.com/play/421SLKtX6OUXspiDW0OZmQ?utm_source=amazonaws.com&utm_medium=player&utm_campaign=player
2. **Presentación: Obras de Miró:**
<http://issuu.com/aldeatotal/docs/obra?e=1086925/8347892>
3. **Symbaloo Miró:** <http://www.symbaloo.com/mix/mironaunitariadevide1>
4. **Blog Cadernos de Vide:** <http://aldeatotal.blogspot.com.es/search/label/Mir%C3%B3>

8.2 URL MATERIAIS PRODUCIDOS.

1. **Fotografías das diferentes actividades:**
<https://plus.google.com/photos/107414993057245238834/albums/6030287788576408033>
2. **Boletín da biblioteca: “Miró”.**
http://issuu.com/aldeatotal/docs/boletin_mir_familias?e=1086925/7387879
3. **Video/Presentación: Que sabemos de Miró:** <http://youtu.be/J-CgTDmD6vc>
4. **Video/Presentación: A biografía de Miró, ensaio para a conferencia:**
<https://www.youtube.com/watch?v=RjhaiqkLjz8>
5. **Video da Conferencia :** <http://youtu.be/dVCYpLQNCho>
6. **Libro Miró de Editorial Unitariadevide**
http://issuu.com/aldeatotal/docs/libro_miro

Vide, 28 de xuño 2014.

Sabela Lahuerta Mouriño. Mestra Responsable do EEI de Vide.